

DECRETO NÚMERO 17008476 DO 29/09/2017

Ilmo. Sra. Carmen Basadre Vazquez, Tenente de Alcalde Delegado da Area de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

Instruído expediente relativo a: **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2017 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO. LOTE 4: DOTACIÓN DE CATRO CARPAS E OUTROS. EXP. REF. 33-2017. ADXUDICACION.**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º.- Informe-proposta do Servicio de Contratación do 28 de setembro do 2017, do teor literal seguinte:

1º.- Decreto da Alcaldía, número 17007068, do 04 de agosto do 2017, polo que se aproba a **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2017 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO. LOTE 4: DOTACIÓN DE CATRO CARPAS E OUTROS. EXP. REF. 33-2017** e os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeron a súa licitación, e a forma de adxudicación polo procedemento aberto.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Acta da Mesa de Contratación do 30 de agosto do 2017, do teor literal seguinte:

**“ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2017 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO. LOTE 4: DOTACIÓN DE CATRO CARPAS E OUTROS. EXP. REF. 33-2017. ACTA OFERTA ECONOMICA**

*Sendo as 13:40 horas do día 30 de agosto de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de*

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: 1506680980643.doc

Asunto: decreto adxudicacion

*Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:*

- don Manuel Louzao Aldariz como Asesor Xurídico.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal
- don Justo Díaz Rodríguez, Adxunto do Servizo de Urbanismo, en funcións de Vicesecretario.
- dona Chelo Rodriguez Bao, Técnico do Servizo de Cultura.
- don Efren Pereia Alvarez, Tecnico Municipal
- dona Ana Tabares Martinez, Técnico do servizo de contratación actuando como Secretario da Mesa.

*Asiten a dito acto público con Alfonso Muñoz , dona Teresa Rodriguez por ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L.U., don Pablo Soliño e dona Montse Perez por SOLIMUSIC EVENTS S.L., don José Sacarrera por PRODUCCIONES EMSAC S.L. e don Antonio Reija por NALGURES PRODUCCIÓN S.L.*

*Procedese por parte do Presidente a dar conta de que a documentación administrativa presentada polas empresas é correcta polo que todos son admitidos á lciitación e procedese a apertura do sobre (oferta economica) que reflicte o seguinte resultado:*

### **1.- TOLDOS JOCAR,S.L., comprometese a execución do contrato:**

- LOTE 4. Dotación de carpas: 26.015 euros (IVE incluído)

### **2.- PRODUCCIONES EMSAC S.L. comprometese a execución do contrato:**

- LOTE 1. Praza da Horta do Seminario: 71.752,98 euros (IVE incluído).
- LOTE 2. Praza de Santa María : 53.241,21euros (IVE incluído).
- LOTE 3. Patio do Edificio Administrativo do Concello “ Seminario Menor”: 21.780,00 euros (IVE incluído).

### **3.- ODAIKO KREA, S.L. comprometese a execución do contrato:**

- LOTE 3. Patio do Edificio Administrativo do Concello “ Seminario Menor”: 22.927,08 euros (IVE incluído).

### **4.- GLOBAL SETUP S.L. comprometese a execución do contrato:**

- LOTE 1. Praza da Horta do Seminario: 72.963 euros (IVE incluído).
- LOTE 2. Praza de Santa María : 69.091 euros (IVE incluído).

### **5.- A.S.A.-SON S.L. comprometese a execución do contrato:**

- LOTE 2. Praza de Santa María 53.465euros (IVE incluído).
- LOTE 3. Patio do Edificio Administrativo do Concello “ Seminario Menor”: 19.435,40 euros (IVE incluído).

### **6.- ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L.U. comprometese a execución do contrato:**

- LOTE 3. Patio do Edificio Administrativo do Concello “ Seminario Menor”: 20.509,50 euros (IVE incluído).

**7.- CEGA-CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L. comprometése a execución do contrato:**

- LOTE 1. Praza da Horta do Seminario: 69.575 euros (IVE incluído).
- LOTE 2. Praza de Santa María : 48.581,50 euros (IVE incluído).
- LOTE 3. Patio do Edificio Administrativo do Concello “ Seminario Menor”: 21.634,80 euros (IVE incluído).

**8.- FERNANDO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ comprometése a execución do contrato:**

- LOTE 1. Praza da Horta do Seminario: 73.096,10 euros (IVE incluído).
- LOTE 2. Praza de Santa María : 53.736,10 euros (IVE incluído).

**9.- SOLIMUSIC EVENTS S.L. comprometése a execución do contrato:**

- LOTE 3. Patio do Edificio Administrativo do Concello “ Seminario Menor”: 17.091,91 euros (IVE incluído).

**10.- ALFONSO VICENTE MUÑOZ MEILÁN comprometése a execución do contrato:**

- LOTE 3. Patio do Edificio Administrativo do Concello “ Seminario Menor”: 22.941,60 euros (IVE incluído).

**11. NALGURES PRODUCCIÓN S.L. comprometése a execución do contrato:**

- LOTE 1. Praza da Horta do Seminario: 80.949 euros (IVE incluído).
- LOTE 2. Praza de Santa María : 77.319 euros (IVE incluído).
- LOTE 3. Patio do Edificio Administrativo do Concello “ Seminario Menor”: 28.919 euros (IVE incluído).

**12.- CARPAS CARBOEIRA S.L. comprometése a execución do contrato:**

- LOTE 4. Dotación de carpas: 24.514,60 euros (IVE incluído)

Tódolos licitadores acompañan - a simple vista - e dentro do sobre B a documentación esixida nos pregos de cláusulas administrativas, esto é:

- Memoria xustificativa dos elementos, materiais e equipos que debe subministrar e montar así como as condicións de montaxe.
- Planos ou montaxes fotográficas dos elementos máis relevantes (escenarios, torres de iluminación, plataformas e carpas, casetas) en relación coa situación no lugar de instalación.
- Fichas técnicas das estruturas (escenarios, plataformas, carpas) ,valos, grupos electróxicos, casetas, equipos de son e iluminación)
- Homologacións.
- Relación exhaustiva daqueles elementos ou partes do contrato nos que estea prevista subcontratación ( que en conxunto non pode exceder do 60% do importe de adxudicación)

Así pois, a Mesa de Contratación pospón neste momento a decisión sobre selección da oferta economicamente máis vantaxosa á espera do que resulte do informe que se emita por parte dos técnicos responsables do contrato tralo exame da documentación anteriormente relacionada e para comprobar se está completa e cumpre as esixencias do

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: 1506680980643.doc

Asunto: decreto adxudicacion

*prego técnico. Unha vez emitido este informe convocarase nova xuntanza da Mesa de Contratación en acto público para a súa lectura e selección de oferta.*

*Neste mesmo acto entrégase aos funcionarios encargados de emitir este informe técnico a documentación do sobre B presentada polas empresas que presentan a oferta económica máis ventaxosa para cada Lote, esto é:*

*LOTE 1. Praza da Horta do Seminario: CEGA-CONGRESOS AUDIOVISUALAES S.L, por importe de 69.575 euros.*

*LOTE 2. Praza de Santa María : CEGA-CONGRESOS AUDIOVISUALAES S.L, por importe de 69.575 euros.*

*LOTE 3. Patio do Edificio Administrativo do Concello “ Seminario Menor”: SOLIMUSIC EVENTS S.L., por importe de 17.091,91 euros*

*LOTE 4. Dotación de carpas: CARPAS CARBOEIRA S.L., por importe de 24.514,60 euros*

*Sen mais que manifestar, conclúese co asunto ás 14:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.”*

4º.- Acta da Mesa de Contratación, do 15 de setembro do 2017, do teor literal seguinte:

**“ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2017 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO. LOTE 4: DOTACIÓN DE CATRO CARPAS E OUTROS. EXP. REF. 33-2017. ACTA DE LECTURA DE INFORME TÉCNICO SOBRE CUMPRIMENTO DE ESIXENCIAS TÉCNICAS.**

*Sendo as 13:40 horas do día 15 de setembro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:*

- don Manuel Louzao Aldariz como Asesor Xurídico.*
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal*
- dona María García Ferro Vicesecretaria Municipal.*
- dona Chelo Rodríguez Bao, Técnico do Servizo de Cultura.*
- dona Ana Tabares Martínez, Técnico do servizo de contratación actuando como Secretario da Mesa.*

*Asisten ao dito acto públido don Ignacio Crecente de ALENTISOLUCIONES PARA EVENTOS, don Sergio Álvarez de CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES, don Fernando Martínez Rodríguez de FM Sonido Profesional e don Antonio Reija por NALGURES PRODUCCIÓN S.L.*

*Procedese por parte do Presidente a dar lectura do informe emitido pola Sección de Cultura sobre cumprimento das esixencias técnicas por parte dos licitadores que presentaron a*

oferta económicamente máis ventaxosa, tal e como se solicitou pola Mesa en xuntanza do día 30.08.2017, e que textualmente dí:

“INFORME DA SECCIÓN DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA.

ASUNTO: Informe ao Departamento de Contratación relativo á produción integral de espectáculos das festas patronais de San Froilán 2017 organizadas polo Concello de Lugo. Lote 1. Produción de espectáculos na praza Horta do Seminario. Lote 2. Produción de espectáculos na praza de Santa María. Lote 3. Produción de espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello. Lote 4. Dotación de catro carpas e outros. (Exp. Ref. 33-2017)

Á vista do informe solicitado polo Departamento de Contratación tras a apertura do sobre B (proposta técnica) o día 30 de agosto dos licitadores para as necesidades de produción.

Desde esta Sección infórmase que, unha vez examinados, xunto co **enxeñeiro técnico industrial municipal, D. Efrén Pereira Álvarez** (responsable da vixilancia das prescricións técnicas e contractuais deste prego) os expedientes dos licitadores da produción integral de espectáculos das festas patronais de San Froilán 2017, para determinar a súa adecuación ás características establecidas no prego:

“- **Memoria** xustificativa dos elementos, medios, materiais e equipos que debe subministrar e montar, así como condicións de montaxe.

- **Planos** ou montaxes fotográficas dos elementos máis relevantes (escenarios, torres de iluminación, plataformas, carpas, casetas), en relación coa situación no lugar de instalación.

- **Fichas** técnicas dos elementos das estruturas (escenarios, plataformas, carpas) valos, grupos electróxicos, casetas, equipos de son e iluminación.

- **Homologacións.**

- **Relación** exhaustiva daqueles elementos ou partes do contrato nos que estea prevista **subcontratación** (que en conxunto non debe exceder o 60 % do importe de adxudicación).”

A mesa de contratación reunida o día 30 de agosto de 2017 ás 13.30 horas seguindo o indicado nas bases, tomou como criterio único avaliable automaticamente, a oferta económica contida no SOBRE A, o que deu como resultado:

Lote 1. Horta do Seminario - Cega Congresos Audiovisuales, s.l. - 69.575 €

Lote 2. Santa María - Cega Congresos Audiovisuales, s.l. - 48.581,50 €

Lote 3. Edificio Administrativo do Concello - Solimusic Events, s.l. - 17.091,91 €

Lote 4. Catro carpas e outros - Carpas Carboeira, s.l. - 24.514,60 €

Tras avaliar o mencionado SOBRE B, facemos as seguintes observacións:

Lote 1. Horta do Seminario - **Cega Congresos Audiovisuales, s.l.**

MEMORIA	SI
PLANOS	SI
FICHAS	SI

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/mb

Refª: 1506680980643.doc

Asunto: decreto adxudicacion

HOMOLOGACIÓN	SI
SUBCONTRATACIÓN	SI

**OBSERVACIÓN:** No tocante ao cátering, debe garantir o mínimo indicado polo que botamos en falta a subministración de leite; o resto de alimentos non mencionados nas bases e ofrecidos como cervexa, froitos secos e snaks, se a empresa os subministra serán por conta do adxudicatario. En ningún modo os pode facturar adicionalmente ao Concello.

**Lote 2. Santa María - Cega Congresos Audiovisuales, s.l.**

MEMORIA	SI
PLANOS	SI
FICHAS	SI
HOMOLOGACIÓN	SI
SUBCONTRATACIÓN	SI

**OBSERVACIÓN:** No tocante ao cátering, debe garantir o mínimo indicado polo que botamos en falta a subministración de leite; o resto de alimentos non mencionados nas bases e ofrecidos como cervexa, froitos secos e snaks, se a empresa os subministra serán por conta do adxudicatario. En ningún modo os pode facturar adicionalmente ao Concello.

**Lote 3. Edificio Administrativo do Concello - Solimusic Events s.l.**

MEMORIA	SI
PLANOS	SI
FICHAS	SI, só de xeradores e casetas.
HOMOLOGACIÓN	NON
SUBCONTRATACIÓN	SI

**OBSERVACIÓN:**

- Non presenta ningunha homologación.
- Non fai referencia ao traballo de amplificación fóra do recinto do patio do Edificio Administrativo do Concello, para a Ofrenda a Rosalía.
- Non ofrece rampla para acceder ao escenario e no plano aparecen debuxadas escaleiras de acceso.

Esta proposta, adoece dunha concreción mínima como para valorar a idoneidade da proposta. A pesar de ser o terceiro o lote de menor complexidade có primeiro e segundo, isto non obvia a necesidade de responder aos cinco puntos das bases.

Estimamos que deben continuar valorándose sobres das empresas que concorreron ao lote 3:

**Lote 3. Edificio Administrativo do Concello:**

- Solimusic events s.l.----- 17.091,91 €
- Asa-son s.l.-----19.435,40 €
- Alenti soluciones para eventos s.l.u.----- 20.509,50 €
- Cega congresos audiovisuales s.l.-----21.634,80 €

- Producciones Emsac s.l.-----	21.780 €
- Odaiko Krea s.l.-----	22.927,08 €
- Alfonso Vicente Muñoz Meilán-----	22.941,60 €
- Nalgures Producións s.l.-----	28.919 €

Continúase a valoración por orde da oferta económica:

Lote 3. Patio do Seminario - **Asa-son s.l.**

MEMORIA	SI
PLANOS	SI
FICHAS	SI
HOMOLOGACIÓN	SI
SUBCONTRATACIÓN	SI

**OBSERVACIÓN:** Estimamos que esta proposta, por ter o contido fundamental acorde ao prego, pode valorarse como APTA. É o noso criterio a valoración da enumeración de todos os medios; sobre as calidades dalgúns deles como é o caso dos medios humanos necesarios para o desenvolvemento dos labores obxecto deste lote, a empresa ten o compromiso escrito e asinado de adaptarse ao sinalado no prego. Enumera entre o persoal a técnicos de son e iluminación, persoal de montaxe/desmontaxe e asistencia a concertos. Neste último punto debe incluír a figura de controladora ou controlador de accesos. Sería aconsellable que aumentase esta información.

Da comprobación da oferta presentada por esta empresa enténdese que achega documentación suficiente en todos os puntos.

Lote 4: Dotación de carpas e outros - **Carpas Carboeira s.l.**

MEMORIA	SI
PLANOS	SI
FICHAS	SI
HOMOLOGACIÓN	SI
SUBCONTRATACIÓN	SI

Todos os elementos aparecen descritos e acreditados debidamente, segundo se pide nas bases e dentro dos parámetros descritos.

Merece especial mención a carpa da praza de Santa María que contén as dimensións de 17 m. nun treito no que o permite a praza e noutro, por ser irregular, ocupa unicamente 15 m. Todas elas contan con homologacións M-2, regulamentarias; indícase que están preparadas para soportar ventos de 120 km/h ( nas bases pedíanse que o fixesen cun mínimo de 100 km/h).”

Intervén don Antonio Reija para alegar , á vista da documentación consultada no Servizo de Contratación, o seguinte:

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: 1506680980643.doc

Asunto: decreto adxudicacion

- Que a documentación de CEGA ten as seguintes deficiencias:

- O plano que presenta para o LOTE 1 non está en relación coa situación do lugar de instalación e que a plataforma de control non cumpre a altura e non ten en conta o desnivel da praza

- O escenario para o LOTE 2 está a 1,20 m e se pedía a 1,70 m.

- Que ASA-SON S.L. achega plano para o LOTE 3 e del dedúcese que incumpre as medidas xa que se esixe menos de 200 m<sup>2</sup> e o excede en máis de 400 m<sup>2</sup>.

O representante de CEGA manifesta que as alturas son regulables e que se adaptan ao desnivel e que sí que hai planos.

Á vista destas manifestacións a Mesa de Contratación **pospón neste momento a decisión sobre selección da oferta economicamente máis vantaxosa á espera do que resulte do informe que se emita por parte dos técnicos responsables do contrato. Unha vez emitido este informe convocarase nova xuntanza da Mesa de Contratación en acto público para a súa lectura e selección de oferta.**

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto ás 14:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.”

5.- Acta da Mesa de Contratación do 26 de setembro do 2017, do teor literal seguinte:

**“ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2017 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO. LOTE 4: DOTACIÓN DE CATRO CARPAS E OUTROS. EXP. REF. 33-2017. ACTA DE LECTURA DE INFORME TÉCNICO ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E SELECCIÓN DE OFERTA MÁIS VANTAXOSA.**

Sendo as 9:30 horas do día 26 de setembro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz como Asesor Xurídico.
- don María Baza Poudereux, pola Intervención Municipal
- don Efren Pereira Alvarez, Enxeñeiro Técnico
- dona Chelo Rodríguez Bao, Técnico do Servizo de Cultura.
- dona Ana Tabares Martínez, Técnico do Servizo de contratación actuando como Secretario da Mesa.

Asisten ao dito acto público don Ignacio Crecente de ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS, don Sergio Álvarez de CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES, don Alfredo



*Sarille e Dona Sonia Fernandez por ASASON, e don Antonio Reija e don José Manuel Blanco por NALGURES PRODUCCIÓN S.L.*

*Procedese por parte do Presidente a facer un resumo do acontecido nas xuntanzas da Mesa de Contratación anteriores así como que posteriormente á última por parte de NALGURES presentouse alegacións que foron analizadas pola Sección de Cultura.*

*Seguidamente procedese a dar lectura o informe de cultura do 21 de setembro do 2017 do teor literal seguinte:*

*“INFORME DA SECCIÓN DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA.*

*ASUNTO: Informe ao Departamento de Contratación relativo á produción integral de espectáculos das festas patronais de San Froilán 2017 organizadas polo Concello de Lugo. Lote 1. Produción de espectáculos na praza Horta do Seminario. Lote 2. Produción de espectáculos na praza de Santa María. Lote 3. Produción de espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello. Lote 4. Dotación de catro carpas e outros. (Exp. Ref. 33-2017)*

*Á vista do informe solicitado polo Departamento de Contratación tras a reunión da mesa de contratación realizada o día 14 de setembro e as alegacións feitas nesa mesa polo representante da empresa Nalgures Producións, s.l., D. Antonio Reija Gómez ( de agora en diante, o alegante) e recollido na acta da citada reunión, desde esta Sección e, xunto co **enseñeiro técnico industrial municipal, Efrén Pereira Álvarez** (responsable da vixilancia das prescricións técnicas e contractuais deste prego) emitimos informe sobre as súas observacións á documentación presentada polos licitadores dos tres primeiros lotes da produción integral de espectáculos das festas patronais de San Froilán 2017.*

*As alegacións do licitador veñen determinar que se omitiu documentación que era de obrigatoria presentación.*

*Manifestamos que tal como se recolle nas bases deste concurso, e atendendo ao seu cumprimento, hai unha serie de elementos principais que deben aparecer descritos:*

*“- **Memoria** xustificativa dos elementos, medios, materiais e equipos que debe subministrar e montar, así como condicións de montaxe.*

*- **Planos** ou montaxes fotográficas dos elementos máis relevantes (escenarios, torres de iluminación, plataformas, carpas, casetas), en relación coa situación no lugar de instalación.*

*- **Fichas** técnicas dos elementos das estruturas (escenarios, plataformas, carpas) valos, grupos electrónos, casetas, equipos de son e iluminación.*

*- **Homologacións.***

*- **Relación** exhaustiva daqueles elementos ou partes do contrato nos que estea prevista **subcontratación** (que en conxunto non debe exceder o 60 % do importe de adxudicación).*

*Esta documentación estará redactada e confeccionada de forma adecuada e clara, debendo proporcionar a información con suficiente detalle e precisión para valorar o grao de cumprimento dos requisitos básicos esixidos.”*

*A estas premisas facémoslles as consideracións seguintes:*

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: 1506680980643.doc

Asunto: decreto adxudicación

- A mera omisión dun elemento menor que forma parte dun conxunto, non se pode presupoñer que non cumpra coas bases polo que non supón a exclusión automática dun licitador. Hai que ter en conta que a fiscalización da documentación técnica é un primeiro paso que se complementa co control unha vez executada a instalación que realmente é o relevante do obxecto do contrato e representativo do grao de cumprimento.

- A documentación débese interpretar coma un conxunto xeral de condicións pero non se pode pretender que sexa unha descrición tan pormenorizada que contemple os pequenos detalles os cales se poderían cumprir perfectamente na fase de execución.

- A fiscalización da documentación non pode ser tan restritiva nin rigorosa que non permita correccións a posteriori, á hora da execución.

- Hai unha serie de elementos principais e básicos que deben aparecer descritos tales como escenario, torres de control, equipamento de son e iluminación e outros dos que non se pode predicar o carácter básico como son o pano, a moqueta e outros elementos de atrezzo.

- Tamén cómpre mencionar que o cumprimento verificarase á hora da execución. E os licitadores asinaron unha declaración na que manifiestan que cumpren os requisitos básicos esixidos, sempre que esta afirmación non entre en contradición co resto da documentación presentada.

- Incídese sobre diferencias en altura / nivelación en varios elementos (escenarios e torres); non obstante, entendemos que polo tipo de elementos que levan (módulos e zancas roscables) tal como se desprende das fichas correspondentes, pode perfectamente satisfacer as condicións do prego en canto á altura e nivelación.

### Lote 1:

- **Plano dos elementos na praza.** Alégase que o licitador Cega non presenta planos que estean “en relación coa situación no lugar de instalación”. O licitador (Cega Audiovisuales) presenta foto aérea sinalando a praza e plano de configuración (alzado, perfil e planta) do escenario e torres, que son os elementos principais. Os outros elementos (casetas de camerinos, sanitarios, xeradores,...) pódense entender descritos suficientemente coas fichas técnicas de cada un deles.

As bases recollen que se deberán achegar “Planos ou montaxes fotográficas dos elementos máis relevantes (escenarios, torres de iluminación, plataformas e carpas, casetas) en relación coa situación no lugar de instalación”. Esta disposición é entendida polo alegante que o plano debe ser do lugar de localización coa inclusión e disposición dos elementos antes descritos (escenarios, torres de iluminación, mixer, plataformas, camerinos, etc.), co cal o licitador (CEGA) non cumpriría coas bases. Pero neste caso as bases deberían dicir “plano de situación dos elementos no lugar de ubicación” ou expresión equivalente. Pódese perfectamente entender que esa disposición se refire individualmente a cada un dos elementos antes descritos, e que a apostila “en relación coa situación no lugar de instalación” indica que se refire aos elementos que se van instalar nesa zona; é dicir, os do lote correspondente; con esta interpretación non habería ningún incumprimento.

- **Mixer ou torre de control de luz e son.** Alégase verbalmente que segundo a documentación presentada polo licitador Cega despréndese que a altura é inferior á esixida no prego. Non obstante, polo tipo de sistema modular empregado, é perfectamente adaptable ás condicións descritas no prego a través dos sistemas de regulación de altura das bases ou durante a montaxe, de ser o caso, coa simple colocación dos taboleiros a maior altura.

- **Inclinación do escenario.** Alégase que o licitador non ten en conta a inclinación da praza Horta do Seminario para poder cumprir coas alturas e coa nivelación do escenario. Non obstante, ao ser as estruturas Layher con bases regulables (precisamente para adaptarse ao terreo onde se localizan), non ten por qué existir a problemática formulada polo alegante.

Lote 2:

- **Altura do escenario,** que segundo as bases debe situarse entre 1,5 e 1,8 m., na memoria presentada polo licitador deste lote, Cega Audiovisuales, sinala que o escenario se situará a 1,8 m. do chan, na cota máxima dos parámetros sinalados nas bases.

No plano recóllese que a altura do chan é a 1,29 m. de altura. Ao ser o sistema Layher modulable en altura, permite adaptalo á altura sinalada nas bases e ter en conta os distintos desniveis que poidan aparecer na praza debido a distintos motivos como deficiencias ou ocos no empedrado da praza, distintas cotas de inclinación, sen prexuízo de usar outros sistemas coma calzos.

Lote 3:

- **Superficie ocupada.** O alegante manifesta que da presentación da documentación dedúcese que a superficie do backstage proposta por Asa-Son para os elementos máis relevantes (escenario, cabinas, casetas, xerador, etc.) excede os 400 m<sup>2</sup>.

Resulta moi aventurado presupoñer tal consideración “a simple vista” dun gráfico, máxime tendo en conta que a suma da superficie unitaria de cada elemento permite cumprir con creces con estas dimensións. Por citar algúns exemplos, o escenario, 80 m<sup>2</sup>, e os elementos de backstage, 6 m<sup>2</sup> de dous sanitarios, 25 m<sup>2</sup> de camerinos, e 6 m<sup>2</sup> de xerador, cunha superficie que non excede os 140 m<sup>2</sup>. A plataforma de control non ten dimensións establecidas. A plataforma de minusválidos non é necesario situala neste lote; en todo caso, por comparación, as dos lotes 1 e 2 non debían superar respectivamente 12 m<sup>2</sup> e 6 m<sup>2</sup>.

O espazo que ocupen as 200 cadeiras e a moqueta é dedicado ao público asistente, non computable na ocupación do escenario e equipamentos anexos.

A máis abundamento, algúns elementos poderíanse situar fóra do espazo susceptible de ser ocupada polo público co cal non se computaría.

O alegante volve facer alegacións mediante escrito presentado a través do Rexistro Municipal o día 19 de setembro, con número de rexistro 2017056000. Algunha das alegacións coinciden parcialmente coas feitas o día de xuntanza da mesa e que a continuación se enumeran:

Lotes 1 e 2:

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: 1506680980643.doc

Asunto: decreto adxudicacion

### **- Planos en relación coa situación no lugar.**

*Formula que os planos presentados non están en relación coa situación no lugar de instalación.*

*Esta cuestión xa se contestou previamente.*

### **- Subcontratación.**

*Alégase que non figura como subcontratación ningún servizo de vixilancia no escrito presentado xa que só prevé a subcontratación doutro dos licitadores (Emsac).*

*Non obstante na relación de persoal recollida na memoria, apartado H, a empresa licitadora recolle expresamente que contará con persoal de seguridade aínda que non especifica a qué empresa se lle vai contratar ese traballo.*

*Así e todo, asinaron un compromiso por escrito que recolle textualmente: “sen prexuízo da comunicación que se realizará no caso de levar a cabo outras subcontratacións durante a execución do contrato, de conformidade co artigo 227 do TRLSCSP”*

*Da interpretación exposta polo alegante concluíramos que tampouco cumpriría case ningún dos licitadores (nos que tampouco se aprecia gran exhaustividade) este punto ao non facer unha relación completa e detallada das empresas ás que subcontratan, dos elementos concretos e dos importes correspondentes a cada unha deles. Temos que interpretar de forma flexible este punto pois hai unha contradición evidente entre os termos exhaustivo e previsión.*

*A empresa ten a obriga de non superar o 60 % do total do prezo ofrecido en subcontratacións.*

*Lote 1, subcontratación a Emsac por importe de 16.000 euros e a súa oferta para ese lote é de 69.575 €, que supón aproximadamente o 23% do importe.*

*Lote 2, subcontratación a Emsac por importe de 5.000 euros e a súa oferta para ese lote é de 48.581,50 €, que supón aproximadamente o 10% do importe.*

*Isto supón que a empresa ten unha ampla marxe para subcontratar por baixo do establecido.*

### Lote 3:

**- Medidas de superficie máxima ocupada.** *A esta alegación xa se lle deu contestación anteriormente.*

**- Pano negro.** *O alegante manifesta que a empresa Asa-son non contempla a cobertura da parte traseira e dos laterais do escenario e manifesta que o pano negro é ignífugo pero non menciona as outras características. A simple non mención dun elemento tan secundario como é a tea ou pano negro para a cobertura dos laterais (a parte traseira si que está contemplada) entendemos que non reviste suficiente gravidade como para descartar esta oferta toda vez que polo feito de non mencionalo sexa taxativo que non o vai instalar, sendo un elemento de escasa entidade. Idéntico razoamento se podería aplicar sobre as características hidrófugas e impermeables dado o seu carácter accesorio se se sitúan debaixo da carpa, tal como aparecen no plano.*

*En conclusión e sen prexuízo da superior consideración por parte da Mesa de Contratación, estimamos que a documentación relativa ás ofertas presentadas (Cega - Congresos Audiovisuales, s.l. para os lotes 1 e 2 e Asa-Son s.l. para o lote 3) que foi obxecto de*

*alegacións por parte do alegante, cumpre os requisitos básicos acorde ao prego e pode valorarse como apta.*

*É todo canto corresponde informar.”*

*A Mesa acepta o informe e propón a CEGA-CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L. para a execución do LOTE 1: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO e LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA, á empresa A.S.A.-SON S.L. para a execución do LOTE 3: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO así como á empresa CARPAS CARBOEIRA S.L. para o LOTE 4: DOTACIÓN DE CARPAS*

*Intervén a continuación don José Manuel Blanco para manifestar que eles alegaron incumprimentos e non omisións. Dí que a Mesa de Contratación é arbitraria e que non hai motivación.*

*Contesta o Presidente da Mesa indicando que é incuestionable que hai motivación pola existencia do informe emitido por Cultura no que se realizan argumentacións ás alegacións presentadas para chegar á conclusión de que as ofertas deben ser admitidas, non existindo arbitrariedade algunha a pesar de que puideran emitirse opinións en contra.*

*Manifesta que unha cousa é que non se aporte algún dos elementos enumerados nas bases da convocatoria cando é esixible e outra que existindo dito elemento éste poida non ser totalmente claro nalgún punto e que non se pode realizar unha interpretación tan restrictiva que supoña a exclusión dun licitador. A documentación que se pide nos pregos ten como finalidade facer unha comprobación para unha estimación previa de que o contrato se vai cumprir. Manifesta don José Manuel Blanco que non se vai poder cumprir o contrato tal e como está na oferta.*

*Sen mais que manifestar, conclúese co asunto ás 10:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.”*

6º.- Decreto número 17008328, do 26 de setembro do 2017, do Libro Único de Resolucións, dictado pola Tenente de Alcalde da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción de Lingua polo que se selecciona a empresa **CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L.**, CIF B15843394, para a execución do contrato de CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2017 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. **LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO** por importe de **69.575 euros** e para o **LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA** por importe de **48.581,50 euros**.

7º.- Notificación do Decreto número 17008328, do 26 de setembro do 2017, a empresa CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L. o 27 de setembro do 2017.

8º.- Documentación presentada por CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L., en tempo e forma no RXE do concello con data do 28 de setembro do 2017.”

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/mb

Refª: 1506680980643.doc

Asunto: decreto adxudicacion

2º.- Informe de Fiscalización Ref. 598/2017, do 29 de setembro do 2017.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción de Lingua, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar á mercantil **CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES S.L.**, CIF B15843394, a execución do contrato de CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2017 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. **LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO** por importe de **69.575 euros** e para o **LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA** por importe de **48.581,50 euros**.

**SEGUNDO.-** Comunicar á empresa adxudicataria que, de conformidade co artigo 140 da LCSP a formalización do contrato que deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 135.4.

**TERCEIRO.-** Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Excmo. Concello de Lugo.

**CUARTO.-** Dar traslado da presente resolución á empresa adxudicataria e demais licitadoras e as dependencias municipais afectadas; e requirir á mercantil adxudicataria, para que procedan ó aboamento dos gastos dos anuncios de licitación por importe de 82,78 euros, co fin de formalizar o correspondente contrato administrativo dentro do prazo legalmente establecido, a cal poderase realizar mediante transferencia a calquera destes números de conta ES59 2080 0101 56 3110000947, ES78 0182-6219-51-0010165210 ou ES08 2100-5850-07-0200014045 indicando no concepto GASTOS DE ANUNCIO **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2017 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO. LOTE 4: DOTACIÓN DE CATRO CARPAS E OUTROS. EXP. REF. 33-2017.**

**QUINTO.-**Notificar esta resolución ós interesados con indicación de que a dita resolución pon fin á vía administrativa polo que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.



Concello de Lugo

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/mb

Refª: 1506680980643.doc

Asunto: decreto adxudicacion

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto

Cumprase:



**MURALLA**  
patrimonio da humanidade

Código Seguro de Verificación: QfLgcdwgQDT3G9uC6tp7LA==